

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE RELATIVO Á UTILIZACIÓN DE DETERMINADAS INSTALACIÓNS E SERVIZOS DA RESIDENCIA XUVENIL FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS E PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS ENTRE A XUVENTUDE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Cristina Pichel Toimil, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social

DECLARA

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o día de remate do curso académico 2020/2021 (xullo 2021), prorrogable para o seguinte curso académico 2021/2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Deputación Provincial de Ourense para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a xuventude, acollendo a un máximo de cinco (5) deportistas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social e a Deputación Provincial de Ourense están interesados en establecer a colaboración precisa para a promoción do deporte entre a xuventude, mellorando o apoio ás actividades xuvenís.



A Consellería de Política Social conta cos medios necesarios para dar aloxamento e manutención aos deportistas, entre os que se inclúe a Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas en Ourense. E a Deputación Provincial de Ourense conta con instalacións deportivas para o seu uso polos mozos e mozas residentes na Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

